

A CULTURA É UN DEREITO

.....
CULTURA EN TODOS OS CONCELLOS
CULTURA PARA TODAS AS PERSOAS
.....

XORNADA XII

CERTAMES DE POESÍA COMO MOTORES DUNHA LITERATURA PROPIA

9 de xuño

Casa da Cultura de Carral
Comisario da xornada: Carlos Lorenzo



Deputación
DA CORUÑA

PROGRAMACIÓN DA XORNADA

Existe pouca dúbida de que a poesía é o xénero que mellor identifica á literatura galega no mundo, aínda que para os lectores semella ser unha disciplina menor. Son múltiples as entidades que en Galicia están a dinamizar a poesía coa organización de certames que fomenten a escrita e a lectura deste xénero. Mais non está a haber a reflexión suficiente como para valorar o impacto dos premios na creación, venda e lectura de poesía.

Dada a aposta da Deputación da Coruña pola promoción da creación literaria en xeral cos seus premios literarios, e en concreto da poesía co certame Miguel González Garcés, resulta oportuno organizar a xornada Os certames de poesía como motores dunha literatura propia, no marco da iniciativa A Cultura é un dereito, na que se valoren as experiencias dos concursos e na que se debata sobre os novos modelos de premios para que se adapten ás necesidades e esixencias deste decenio.

PROGRAMA

10.30 h. Apertura da xornada co deputado de Cultura da Deputación da Coruña, **Xurxo Couto**, e o alcalde de Carral, **Javier Gestal**.

10.45 h. Presentación do estudo *Os certames de poesía en Galicia: unha análise das convocatorias* actuais, **Carlos Lorenzo**.

11.30 h. Mesa redonda con editoriais, *A edición de poesía premiada* con:

Moderador: **Alfredo Ferreiro**

Miguel Anxo Fernán Vello (Edicións Espiral Maior)

Henrique Alvarellos (Alvarellos Editora)

Fran Alonso (Edicións Xerais)

12.30 h. Pausa café.

13.00 h. Mesa redonda con autores e autoras premiadas: *Chámome poeta e preséntome a concursos* con:

Moderadora: **Dores Tembrás**

Xerardo Quintiá

Miriam Ferradáns

Emma Pedreira

14.00 h. Pausa xantar.

16.00 h. Presentacións dos premios Miguel González Garcés e Concello de Carral.

Sabela Herrero (Deputación da Coruña)

Carlos Lorenzo (Concello de Carral)

16.30 h. Conferencia: *25 anos de poesía galega*. **Yolanda Castaña**

17.15 h. Mesa redonda de certames *O futuro dos premios de poesía*.

Moderador: **Eduardo Estévez**

Elvira Riveiro Tobío (Premio Eusebio Lorenzo Baleirón)

Gil Ares (premios Manuel Leiras Pulpeiro e Díaz Jácome)

Sonia García (Premio Concello de Vilalba)

18.30 h. Peche da xornada.

19.00 h. Concerto *Treides comigo!* de **Xoán Curiel** en instalacións anexas á Casa da Cultura, aberto ao público en xeral.

20.15 h. Fin da xornada.

A inscrición á xornada debe realizarse a través do formulario habilitado para tal fin na páxina web:

www.aculturaeundereito.gal

O prazo de inscrición é dende as 9:00 h. do martes 24 de maio ata as 15:00 h. do mércores 8 de xuño. A asistencia é gratuita e contaremos cun servizo de interpretación de lingua de signos.